



**RESOLUCIÓN RELATIVA A UNHA SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN CON AFECTACIÓN
AO CAMIÑO DE FISTERRA-MUXÍA DE SANTIAGO**

Expediente núm.: **SPR-2024-00243.AUI**

Persoa interesada: **Concello de Cee**

Termo municipal: **Cee**

1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

Os días 09.02.2024 e 21.06.2024, cos núm. 2024/434544 e 2024/1988730 de entrada no Rexistro xeral da Xunta de Galicia, recíbese unha solicitude, remitida polo Concello de Cee, para que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en adiante DXPC) autorice as obras de mellora do contorno da praza Ketty Quintana de Cee, en xaneiro 2024 por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, colexiado núm. 22.992.

Non figura visado de colexio profesional.

Achégase informe técnico municipal, de data 30.01.2024, emitido en sentido favorable.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Servizo de Protección e Fomento

Complexo administrativo San Caetano, s/núm.. - bloque 3 – 2º andar

Tlfs. +34 981957288 / +34 981544817 +34 981545841 / +34 981544749

15781 Santiago de Compostela





2 CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

2.1 En data do día 20 de febreiro de 2024 persoal facultativo que presta servizo na DXPC, elabora un informe técnico de arqueoloxía que di: "(...)"

1 Teño en conta para redactar este informe a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, -en diante LPCG, publicada no DOG núm. 92, do 16.05.2016. Teño tamén en conta o Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 6.08.1997).

2 Segundo a memoria presentada, para a mellora da praza Quetty Quintana e o seu contorno, realizaranse as seguintes actuacións:

Preténdese a pavimentación das beirarrúas actuais, nunha superficie total de 645 m² e previa demolición das existentes, con 5 cm de grixo e con baldosa de formigón vibrado de 60x40x6 granallada. As beirarrúas estarán delimitadas por un bordo prefabricado de formigón tipo C-3, e adxacente a elas executarase unha levada de 30 cm. con 15 cm de formigón.

A praza Ketty Quintana, previa retirada de mobiliario urbano, sinalización, colectores ou calquera elemento que poida dificultar a actuación, e logo da demolición do pavimento existente, pavimentarase con 15 cm. formigón HF-4,0 desbastado en seco.

Finalmente contéplase a colocación de catro bancos circulares de formigón de 3 metros, catro papeleiras, dous bancos de formigón de 2000x490x495 mm, dúas xardineiras de madeira e estrutura de formigón de 1,5x1,5x1,0 m e execución dun paso elevado de peóns con formigón HF-4,0.

3 O lugar das obras localízase ao pé da traza do Camiño de Fisterra-Muxía de Santiago, que figura protexida no catálogo do Plan Básico Autonómico que foi aprobado polo Decreto 83/2018, do 26.07.2018 (DOG núm. 162, do 27.08.2018).

Este instrumento é de aplicación nos concellos que carezan de PXOM e terá un carácter complementario dos planeamentos municipais, ademais de delimitar as afeccións derivadas da lexislación sectorial, entre elas as de protección do patrimonio cultural.

Segundo o artigo 75 da LPCG, esta ruta xacobeá ten a consideración de ben catalogado coa categoría de territorio histórico.

A priori *non habería* afeccións a ningún xacemento arqueolóxico catalogado nin coñecido.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Servizo de Protección e Fomento

Complexo administrativo San Caetano, s/núm.. - bloque 3 – 2º andar

Tlfs. +34 981957288 / +34 981544817 +34 981545841 / +34 981544749

15781 Santiago de Compostela





4 (...)

5 (...)

6 Segundo o artigo 44 da LPCG, as actuacións que se leven a cabo sobre os bens declarados de interese cultural e catalogados seguirá como criterio a salvagarda dos seus valores culturais e conservación, mellora e, de ser o caso, utilización adecuada e sustentable.

Así mesmo o artigo 46 desta lei establece que o contorno de protección dos bens debe manterse cos seus valores ambientais, polo que as intervencións que se realicen deben resultar harmoniosas coas condicións características do ámbito. Deberán procurar a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación adecuada do ben.

7 Conforme ao artigo 74 da LPCG, o conxunto de rutas dos Camiños de Santiago está constituido por vías de dominio e uso público, os seus elementos funcionais e o territorio que o define. Son elementos funcionais dos Camiños de Santiago os que forman parte da súa fisionomía como peches, muros, cómaros, valos, pasos, pontellas, pontes, fontes, lavadoiros ou espazos similares, así como os destinados á súa conservación e servizo e os que sexan necesarios para o seu uso.

8 Segundo o artigo 77 da LPCG, as obras e actividades no ámbito delimitado dos Camiños de Santiago serán compatibles coa conservación e protección dos seus valores propios, e como criterio xeral deberán manter as características principais do territorio que conforman, o que supoñerá, preferentemente, manter os núcleos tradicionais e as actividades agropecuarias e forestais.

En ningún caso a utilización dos Camiños de Santiago nin a dos seus elementos funcionais poderá supoñer un perigo de destrución ou deterioración ou realizarse de forma incompatible cos seus valores culturais.

2.2 De acordo con todo o indicado, informo dende o punto de vista arqueolóxico sen prexuízo doutras autorizacións ou licenzas que sexan necesarias, deberanse de ter en conta as seguintes medidas protectoras e indicacións:

- De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso destas obras, comunicarase decontado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que indicará as medidas oportunas.

Respectaranse as rasantes, a anchura e o trazado das vías afectadas, así como os valos, muros tradicionais de pedra e o arboredo frondoso autóctono (se os houbera).





- As áreas destinadas a amorear material, paso de maquinaria, colectores de residuos e estacionar os vehículos vinculados coas obras situaranse fóra do Camiño de Santiago e apartados da visión dende este, así como fóra dos contornos de protección dos elementos de patrimonio cultural.
- No transcurso das obras tratarase de non interromper o paso das persoas peregrinas e viandantes e garantirlles un paso seguro e debidamente sinalizado.

3.1 En data do día 1 de xullo de 2024 persoal facultativo que presta servizo na DXPC, elabora un informe técnico de arquitectura que expresa: "(...)As obras afectan á traza do Camiño de Fisterra e Muxía, que figura protexida no catálogo do Plan Básico Autonómico que foi aprobado polo Decreto 83/2018, do 26.07.2018 (DOG núm. 162, do 27.08.2018). Este instrumento é de aplicación nos concellos que carezan de PXOM e terá un carácter complementario dos planeamentos municipais, ademais de delimitar as afeccións derivadas da lexislación sectorial, entre elas as de protección do patrimonio cultural.

Segundo o artigo 75 da LPCG, esta ruta xacobeá ten a consideración de ben catalogado coa categoría de *territorio histórico*.

A Guía para a protección do Camiño de Santiago e a Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago, editadas pola DXPC en setembro de 2012 e marzo de 2016, respectivamente, teñen por obxecto achegar 'criterios sobre como actuar no territorio histórico dos camiños de Santiago, de modo que se garanta a salvagarda das súas características tradicionais, culturais e paisaxísticas'.

Para a redacción destas guías tivéronse en conta os criterios emanados do funcionamento ao longo dos anos do Consello Asesor dos Camiños de Santiago, que se teñen en conta tamén para a redacción deste informe.

Entendo de referencia os criterios reflectidos nas Guías, nos apartados seguintes:

- Tratamento das trazas (vía peonil) do Camiño.
- Os espazos públicos dos camiños. Núcleos urbanos.
- Mobiliario Urbano.
- A imaxe dos núcleos urbanos dende os camiños.

Poden consultarse na seguinte ligazón: <https://www.cultura.gal/gl/caminos-santiago> .





3.2 Polo que, estudada a documentación presentada, entendo que as obras solicitadas, sen prexuízo de terceiras persoas e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, poderían ser compatibles coa protección do patrimonio e conservación dos valores do Camiño co cumprimento das seguintes condicións:

- As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa contorna e coas edificacións tradicionais da zona.
- Respectaranse as rasantes, a anchura e o trazado das vías afectadas, así como os valos, muros tradicionais de pedra e o arboredo frondoso autóctono (se os houbera).
- Os materiais que se empreguen na pavimentación non deben de supor ningún tipo de impacto ao trazado do Camiño de Santiago e serán coherentes cos tradicionais do lugar.
- O tratamento dos espazos públicos dos camiños debe ser froito dunha análise profunda dos elementos preexistentes, da contorna e da paisaxe. Cando existe algún elemento que dá orixe ao espazo, unha fonte, un cruceiro, uns muros que o delimitan ou algún outro tipo de edificación, a actuación non debe restar relevancia a eses elementos, senón tratar máis ben de crear un marco axeitado, corrixir os elementos discordantes e levar a cabo as actuacións necesarias para a súa definición.
- O tratamento da pavimentación pode constituír unha peza decisiva na definición do espazo. Para a elección dos materiais deben terse en consideración os utilizados de maneira tradicional na zona e as características do contorno, primando os materiais naturais como a pedra, os pavimentos de terra ou os que poden aportar un bo envellecemento natural, como o formigón, preferiblemente lavado, de maneira que se poidan percibir os áridos. Desaconséllanse os acabados excesivamente pulidos e brillantes, de xeito de evitar reflexos para as persoas camiñantes, así como proporcionar seguridade fronte a caídas co pavimento mollado.

Nos tramos coincidentes coa traza do Camiño de Fisterra e Muxía, a calidade da pavimentación debe residir tanto no material empregado como no coidado posto no deseño de todos os seus elementos: xuntas, bordos, elementos de evacuación da auga, etc.

- O mobiliario urbano que se vai utilizar nos Camiños de Santiago debe adecuarse ás características específicas de cada localización, respondendo ás súas peculiaridades de maneira que se preserven os seus valores patrimoniais, paisaxísticos ou naturais.

En xeral, optarase pola utilización de deseños sinxelos que non se impoñan aos espazos nos que se inclúen, e que non afecten as características específicas que definen a identidade da paisaxe da contorna.





Evitarase tamén a utilización de mobiliario que imite deseños históricos, en especial cando estes non teñan relación co lugar no que se sitúan.

Debe evitarse a acumulación de elementos, tales como esculturas, mesas, bancos, varandas, farois, papeleiras etcétera, e limitarse ao estritamente necesario e evitando as referencias excesivas aos motivos xacobeos.

Os materiais utilizados no mobiliario serán acordes coa contorna, en xeral utilizaranse preferentemente materiais naturais como pedra ou madeira, ou materiais con presenza na edificación tradicional vinculada ao Camiño: ferro, aceiro. Nos acabados evitaranse as superficies brillantes ou pulidas e as cores intensas ou rechamantes.

Na elección dos materiais que se van utilizar na confección do mobiliario terase tamén en conta o seu comportamento á intemperie, o seu carácter durable e o seu bo envellecemento.

- Nas terrazas dos negocios de hostalaría situados nos camiños non se utilizará mobiliario de plástico básico, nin que inclúa publicidade de marcas comerciais. Utilizarase preferentemente mobiliario de características homoxéneas para cada localización ou zona.

- Nas obras de reurbanización do territorio histórico do Camiño deben preverse canalizacións para o soterramento das instalacións de electricidade, telefonía, iluminación urbana e sinalización, de modo que as compañías subministradoras poidan acometer a substitución dos tendidos aéreos, grampados ás fachadas dos edificios, por instalacións enterradas.

O soterramento das instalacións implica un importante incremento do número de arquetas, estas deben ser obxecto dun estudo pormenorizado coa finalidade de acadar unha disposición ordenada que permita unha boa integración no pavimento. Os materiais que utilicen e o tamaño das tapas debe ser acorde co material de pavimentación e o despezamento previsto. Nos núcleos tradicionais recoméndase a utilización de tapas de arqueta de fundición ou de pedra similar á do pavimento. Nos casos nos que se utilicen pavimentos de formigón, as tapas poden ser tamén de fundición ou do mesmo formigón con marcos de aceiro ou fundición. Evitarase a utilización de tapas de arqueta e sumidoiros de PVC.

- As áreas destinadas a amorear material, paso de maquinaria, colectores de residuos e estacionar os vehículos vinculados coas obras situaranse fóra do Camiño de Santiago e apartados da visión dende este, así como fóra dos contornos de protección dos bens patrimoniais.





- Durante as obras non se interromperá o paso das persoas peregrinas e viandantes e se adoptarán as medidas precisas para que se transite con seguridade.

4 CONSIDERACIÓNS LEGAIS

A. É de aplicación na tramitación do expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG)

LPCG, artigo 10. *Categorías de bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados: "1. Os bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados integraranse nalguna das seguintes categorías:(...) i) Territorio histórico: o ámbito no que a ocupación e as actividades das comunidades ao longo da súa evolución histórica caracterizan un ámbito xeográfico relevante polo seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico e técnico.*

LPCG, artigo 30. *Catálogos urbanísticos de protección de bens integrantes do patrimonio cultural: 1. Os bens inmobles que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído, de ser o caso, o seu contorno de protección, salvo que teñan a consideración de bens de interese cultural.*

- Lei 16/1985, de 25 de xuño, do patrimonio histórico español
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia





- Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.

- Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

- As demais normas de aplicación, nomeadamente as referentes ao réxime do solo e á ordenación urbana en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural, e particularmente as Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro.

B. O artigo 39 da LPCG establece que as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural. Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións. (...)

C. A directora xeral do Patrimonio Cultural é competente para resolver este expediente segundo o artigo 30.1.f) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e o artigo 14.1.f) do citado 146/2024, do 20 de maio.

D. De acordo con todo o indicado, e á vista dos ditos informes técnicos, **RESOLVO:**

Autorizar as obras de mellora do contorno da praza Ketty Quintana, de acordo co proxecto de mellora do contorno da praza Ketty Quintana de Cee, asinado na data xaneiro 2024 por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, colexiado núm. 22.992, **coas condicións que se indican nos puntos 2.2 e 3.2 desta resolución e coa observancia dos criterios inseridos nos puntos 2.1 e 3.1.**

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no prazo dun mes, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Servizo de Protección e Fomento

Complexo administrativo San Caetano, s/núm.. - bloque 3 – 2º andar

Tlfs. +34 981957288 / +34 981544817 +34 981545841 / +34 981544749

15781 Santiago de Compostela





39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Patrimonio Cultural

María del Carmen Martínez Insua

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Servizo de Protección e Fomento

Complexo administrativo San Caetano, s/núm.. - bloque 3 – 2º andar

Tlfs. +34 981957288 / +34 981544817 +34 981545841 / +34 981544749

15781 Santiago de Compostela

